



Confederación Intersindical Galega

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

CONVENIO DE AFORRO

Comunicado nº 9

O preacordo abre a porta para abrir polas tardes

Ante a publicación da existencia dun preacordo asinado entre a ACARL e os sindicatos das Caixas CCOO e CSICA queremos deixar clara a nosa posición:

- Mentres a CIG se mobilizaba en contra da apertura polas tardes, o resto da representación sindical e a patronal mantiñan de novo reunións clandestinas nas que volvían a falar da apertura polas tardes. Este preacordo non foi presentado na Mesa legalmente constituída para negociar o convenio.
- Estamos ante un **preacordo**, pouco máis que un **relatorio de intencións**; haberá que **agardar a coñecer o texto definitivo** para saber todas as implicacións e poder facer unha valoración completa.
- O “conseguido” non é de balde, **amplíanse as oficinas que poden abrir todas as tardes a través das xornadas singulares**: introducen as oficinas de empresas, as que están situadas en polígonos comerciais ou as que están situadas a carón de centros comerciais. **Nalgunha empresa podería abrir ata un 10% da rede de oficinas.**
- O **exceso de euforia dos sindicatos empresariais** CCOO e CSICA **está xerando falsas expectativas** sobre este convenio. **Aconsellamos ao persoal que lea** directamente o **texto do preacordo** e que chegue as súas propias conclusións.

Por exemplo, calquera que lea o texto descubrirá que **non cobrará un ¼ de paga** (incluída a antigüidade ou os pluses como en calquera outra paga), senón **só o 0,25 do salario base** que teña no momento de percibir o Plus (haberá que agardar polo tanto ao texto definitivo para clarificar como se cobra durante o período de consolidación).

En suma agardaremos a coñecer o texto definitivo para facer unha valoración completa, pero polo momento semella que **as Caixas conseguiron dobregar a parte da representación sindical e poderán abrir oficinas polo serán.**



Galiza, 11 de outubro de 2007